



---

**DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO TÍTULO  
PROFESIONAL BÁSICO EN ACCESO E CONSERVACIÓN EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 17 de decembro de 2019, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do Título profesional básico en Acceso e Conservación en Instalacións Deportivas:

1. O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (CEUFP) a realizar un plan específico de formación de profesorado que imparte neste título.
2. Igualmente, recomenda a introdución de obxectivos concretos para o desenvolvemento dos aspectos reflectidos no capítulo V da lei 2/2014 de visibilidade e non discriminación do colectivo LGBTI.
3. Tamén recomenda a inclusión de obxectivos concretos contra a violencia de xénero. Non só citando no currículo correspondente que se debe tratar de modo transversal a erradicación da violencia de xénero, senon tamén explicitado naqueles módulos do currículo no que teña encaixe.
4. Para o artigo 3.1af propón unha nova redacción que quedaría da seguinte forma: “Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición, nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, *lésbica*, *bisexual*, transexual, transxénero e intersexual.”
5. No apartado referido á ratio por aula, propón engadir o seguinte texto: “A ratio máxima será de 15 alumnos/as por aula.”
6. O Consello Escolar de Galicia insta á CEUFP para que implante este título na rede pública de centros de FP e responda á demanda de emprego que nas instalacións deportivas se necesita.
7. No punto 3.1 do Anexo I (páxina 13), propón engadir un novo punto u.2 co seguinte texto:  
“Recoñecer e valorar a lingua e a cultura propias para facer efectivo o dereito de todas as persoas a establecer relacións comerciais, culturais e sociais na nosa lingua.”
8. Igualmente, no punto 3.1 do Anexo I (páxina 14), propón engadir un novo punto ac.2 co seguinte texto:  
“Valorar a importancia da prevención dos riscos laborais desde unha perspectiva de xénero. Riscos psicosociais. Acoso.”
9. No apartado 5.1 sobre espazos no referente aos requisitos mínimo de calidade do contexto formativo, na páxina 93 na táboa sobre espazos, propón substituír na columna de 20 alumnos “20” por “15” e suprimir a columna do trinta alumnos.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2019

O Secretario

Álvaro Ariño Roure

V. e pr.

O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés